



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

ACTA Nº 6/2013

CONCELLO DE PARADELA

PROVINCIA DE LUGO

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA VINTE E UN DE NOVEMBRO DE DOUS MIL TRECE.

En Paradelas, a vinte e un de novembro de 2013.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as trece horas, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Extraordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO.
- D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ
- D. ELISEO LÓPEZ RODRÍGUEZ
- D^a M^a TERESA VEIGA RODRÍGUEZ
- D^a M^a MONTSERRAT MULET SAR
- D. SECUNDINO PÉREZ LÓPEZ
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D^a. ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ
- D. SENÉN LÓPEZ GARCÍA

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA QUE A CORPORACIÓN MUNICIPAL ACORDE INSTAR Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO A MODIFICAR AS BASES QUE REGULAN O PROGRAMA TEMPORAL DE FOMENTO DE EMPREGO E POSTA EN VALOR DO TERRITORIO AO ENTENDER QUE É DISCRIMINATORIO E EXCLUÍNTE COS CONCELLOS E DESEMPREGADOS LUCENSES.

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a facer una exposición sobre o tema do que se vai falar, dando lectura as refelxións, suliñando que nos trinta e seis anos que leva na vida pública nunca vin nada semellante e utilizando prestadas as palabras dun Concellerios do PSdeG-PSOE da Deputación de Lugo, tratáse dun plan corruto, caciquil e clientelar.

Comeza dicindo que a Deputación Provincial de Lugo vén de anunciar un plan de emprego. As bases que regulan as axudas e subvencións para concellos de Lugo, de menos de 5.000 habitantes, para o programa temporal de fomento do emprego e posta en valor do territorio recóllense no BOP do 9 de novembro de 2013, onde o estudo das bases evidencia que nos atopamos ante un plan: discriminatorio, desequilibrado e que

sospeitosamente coincidente coa época electoral, utilizando criterios que non son obxectivos, nin éticos e que non optimizan os fondos públicos dos lucenses, empregado criterios sesgados.

Tras a análise das bases obsérvase que un dos requisitos que deben cumprir as entidades para entrar no proceso de selección é que contén cunha poboación inferior a 5.000 habitantes, segundo os datos do Padrón Municipal a 1 de xaneiro de 2012 publicado polo INE., o que conleva unha situación discriminatoria tendo en conta que existen concellos con máis de 5.000 habitantes cunha taxa de paro superior a outros concellos de menos poboación. Polo tanto, este desempregados necesitan, de igual maneira, o amparo da administración provincial.

O segundo dos criterios que deben cumprir os concellos para solicitar acceso ao plan é que non fosen beneficiarios dun obradoiro de emprego dende 2010, 2011, 2012 e 2013; tendo en conta que a concesión dos obradoiros de emprego da Xunta está aberta a todos os municipios e a non percepción débese a erros na solicitude.

A continuación refírese aos criterios de valoración unha vez solicitado o plan de emprego, é dicir aqueles concellos que teñan menos de 5.000 habitantes e non tivesen plan de emprego; unha vez solicitado o plan de emprego son sometidos a uns criterios de valoración, debendo obter como mínimo 25 puntos para ser beneficiario desta axuda. Uns criterios de valoración que son ilóxicos ao rexerse por porcentaxes como a superficie forestal ou pola superficie de rede natura.

E deste xeito, estes criterios sesgados dan lugar a cifras que provocan malestar ao crear concellos de primeira e de segunda en función de que se poidan ou non beneficiar do plan deseñado polo bipartito da Deputación de Lugo, así como de parados con máis ou menos dereitos en función do municipio de residencia, en comparativa por exemplo, ao Plan de Cooperación da Xunta de Galicia, que subvenciona a contratación de desempregados en todos os concellos da provincia, sen exclusión e en base a criterios obxectivos.

Este plan conleva que máis do 90% dos desempregados non poden acceder ao proceso de selección do plan de emprego

A provincia de Lugo conta con 25.938 parados, dos que quedan excluídos do plan 23.384 e, polo tanto, so incluídos 2.554 desempregados; o que en porcentaxes, representa que só o 9,85% dos lucenses desempregados poderán participar no proceso de selección para acceder a unha das 80 prazas que crea o plan de emprego da Deputación de Lugo. É dicir, o 90,15% queda excluído directamente sen opción a participar no proceso de selección.

Neste intre o Sr. Alcalde diríxese ao Concelleiro da oposición do Guillermo Castro González, e ante a resposta deste, faille una advertencia de que non interrumpa o que está a expor.

O señor Alcalde continúa dicindo que se atendemos ao número de concellos, só 24 dos que ten a provincia, optan a participar no proceso de selección deste plan, mentres que 43 municipios xa están excluídos directamente., o que implica que existen localidades excluídas directamente con maior taxa de paro que outras que si teñen a posibilidade de tentar acceder a estas axudas.

Destes 24 concellos que poden participar no proceso de selección, só 8 son do PP e 16 do PSOE ou do BNG. Polo tanto, o 66,67% dos concellos que se poderán ver beneficiados polo plan están gobernados polo PSOE ou o BNG; mentres que o 33,33% son do PP.

Esta situación amosa un maior desequilibrio tendo en conta que o PP goberna no 64,18% dos concellos, é dicir, en 43 dos 67 que ten a provincia; e dos 24 municipios



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradela
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

que podan participar no proceso de selección, moitos deles non cumpriran cos criterios valorativos que demandan (rede natura, superficie forestal), o que provocará que estes datos sexan moito peores, e só doce Concellos opten ao Plan (11 gobernados polo PSOE ou o BNG e un só polo PP, o Concello de Quiroga.

Atendendo ao estudo por número de habitantes que ten a provincia, pódese afirmar que dos 348.902 lucenses, uns 299.317 veciños non poderán nin tan sequera participar no proceso de selección deste plan. O que supón, polo tanto, que só o 14,21% podan ter esta oportunidade, fronte a un 85,79%, que non poderán participar no citado proceso de selección.

A análise destas bases permite asegurar que o bipartito provincial crea concellos de primeira e de segunda en función de se poden ou non, optar a beneficiarse deste plan deseñado polo PSOE e o BNG e, polo tanto, estase ante parados con máis ou menos dereitos en función do municipio de residencia.

As discriminacións demóstrase en que hai concellos con máis de 5.000 habitantes cunha taxa de paro moi superior a moitos concellos pequenos e a pesar diso non terán o apoio da Deputación de Lugo.

Ademais, entre os municipios máis pequenos a Deputación discrimina algúns concellos que, con poboación similar teñen maior número de parados.

Os parados dos concellos que non teñen posibilidade de optar ao plan teñen menos dereito a un emprego financiado con cartos públicos que os 24 que si poden participar?

Reivindícase a igualdade de dereito de oportunidade entre os parados de diferentes municipios ao tempo que se explica que, unha vez analizados os prazos de selección e contratación dos traballadores recollidos nas bases, obsérvase que sospeitosamente este plan é coincidente cos comicios electorais de 2015, unha situación que se volve a repetir respecto as últimas municipais.; situación que ven demostrar que o bipartito da Deputación se move por réditos electorais, importándolle só os parados en etapas electorais. Do contrario non sería explicable que deixasen diñeiro sen comprometer na área de emprego, segundo recolle a conta xeral da anualidade 2012; sexa a única Deputación de Galicia que non asinou un convenio para a posta de marcha dun plan de emprego coa Xunta de Galicia; que votase en contra da proposta do PP de crear un plan acordados cos concellos e cos sectores máis representativos, e que os contratos rematan ao mes seguinte das eleccións.

Os feitos evidencian que se está ante un goberno bipartito provincial máis centrado nos seus respectivos partidos que nos intereses dos lucenses, mentres que o Partido Popular, preocupado polos desempregados, solicitará a celebración de plenos extraordinarios para, e procédese á lectura da proposta de Alcaldía, co seguinte contido, "DON, José Manuel Mato Díaz Alcalde–Presidente do Concello de Paradela, EXPÓN:

A actual crise económica provocou que o desemprego se convertese na principal preocupación das cidadáns e, para que esta situación mellore, as administracións públicas deben impulsar iniciativas que, sen exclusión e en base a criterios obxectivos que garantan a igualdade de oportunidades, poidan contribuír a dar solución a esta problemática.

A Deputación de Lugo non parece respectar estes criterios xa que, tras analizar as bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia con data 9 de novembro de 2013; que regulan as axudas e subvencións para concellos de Lugo, de menos de 5.000 habitantes, para o programa temporal de fomento do emprego e posta en valor do territorio e, en concreto, os requisitos que deben cumprir as entidades beneficiarias; extráese que só se poderán sumar a este plan 24 dos 67 municipios da provincia.

Esta situación que está a provocar unha importante discriminación e unha repulsa dos alcaldes afectados, que rexetan que se poida discriminar aos parados en función do concello de residencia.

Visto canto antecede esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte ACORDO:

O Pleno da Corporación Municipal insta á Deputación Provincial de Lugo a:

PRIMEIRO.- Modificar as bases que regulan o Programa Temporal de Fomento do Emprego e posta en Valor do territorio, recollidas no BOP do 9 de novembro de 2013, co obxecto de que podan participar todos os concellos da provincia e beneficien ao maior número de persoas desempregadas posibles

SEGUNDO.- Incrementar, en cantidade suficiente, o orzamento destinado a este Plan de emprego, de tal xeito que se garanta a igualdade de oportunidades dos desempregados lucenses con independencia do concello no que residan.

TERCEIRO.- Que a presente sesión plenaria non sexa retribuída aos concelleiros.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo ao Presidente da Deputación de Lugo e aos Grupos políticos con representación no Pleno da Deputación Provincial.

E canto teño a ben propoñer ó Pleno da Corporación; para somelo á súa aprobación.

Paradela a 15 de novembro de 2013. O Alcalde-Presidente. Asdo.: José Manuel Mato Díaz”.

Neste intre, daselle o turno de palabra á voceira do Grupo Municipal Socialista, Dona Sonsoles López que toma a palabra dicindo que o porque dos Concellos que entran neste plan deriva do feito de que estes concellos durante os tres últimos anos non recibiron ningún plan de emprego, preguntando porque cree que Paradela non vai entrar no Plan.

Pregunta ao Sr. Alcalde que quere que se modifique das bases, se o que pretenden e que entre todos os concellos ou o máximo número de persoas, e cal é a cantidade que considera suficiente, porque igual ata estamos de acordo, sinalando ademais que a competencia de emprego é da Xunta de Galicia, non da Deputación, pero á vista dos resultados da política do Sr. Feijóo que dixó que en quince días remataba co paro e dous anos despois hai sete mil lucenses mais no paro, algo ten que facer.

Ademais di que ten bemoles que vostede planteaxe este tema cando vostede mesmo votou en contra na Deputación de que se pedise un plan de emprego á Xunta. Respecto de que a sesión non sexa retribuída di que lle parece estúpido pero que lle parece pouco serio cando hai un pleno ordinario a semana que ven onde se podía tratar este tema, sen esta premura e polo tanto tratase de facer política partidista.



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que una vez máis ten a impresión de que anda despistada e que é una osadía o que di, xa que estas bases foron feitas con enxeñería porque qué ten que ver a superficie forestal, é dicir o bosque co paro, e no caso de Paradelas acadaría 20 puntos cando o mínimo son 25 e en base aos criterios non chega á porcentaxe de superficie forestal mínima para acadar a puntuación, nin ten Rede Natura; ten 20 puntos polos 89 parados de Paradelas, que van a ser excluídos do dereito a participar neste Plan.

Pola contra aos Plans da Xunta poden optar todos os concellos a través dos Programas de Cooperación ademais de poder ter Obradoiros de Emprego, procedendo a dar lectura das solicitudes realizadas polos once concellos de cor vermella dos doce que teñen dereito ao plan proposto pola Deputación, concluíndo que como se poden dar axudas a concellos que non as solicitan.

Don Guillermo Castro González, Concellerío do Grupo Municipal Socialista di que debe ser o Goberno Central quen ten que tomar as medidas xa que é quen ten as competencias.

O alcalde resposta dicindo que tanto o goberno central como a Xunta están a resolver os problemas non coma o seu partido en Andalucía dando cartos aos sindicatos para facer cursos por países coma Venezuela.

Pola súa banda, D. Guillermo Castro di que outros levan os cartos para Suíza.

O Alcalde di que un grano pódelle salir a calquera e que rexeita estas actuacións ás que fai referencia das que me avergonzo dicindo que se trata de cartos do partido non de diñeiro público, e que no seu partido hai dirixnetes que por dignidade deberían dar paso a outra xeración, polo que non lle hai comparación.

Toma a palabra Dona Sonsoles López, voceira do Grupo Municipal Socialista dicindo que o Alcalde o que ten que facer é mirar un pouco para o seu ombigo e non pode pedir respecto se el non o ten, ademais de faltar ao respecto a outros concellos da provincia, porque os concellos forestais ou de montaña están sendo perxudicados, bastante máis que o noso concello por parte da Xunta polo que lle pido que sexa profesional e pense na provincia, pola súa condición de deputado provincial.

Asemade pregúntese porque non temos Rede Natura tendo un ENIL como temos, e un pleno máis céntrase e non fale de corrupción que o seu partido non é o máis apropiado para falar diso, resaltando que este pleno non é de recibo e non pode vir a dar clases de honradez e moralidade, xa que a Deputación o que fai é o esforzo que a Xunta non fai en materia de emprego, polo que o seu grupo vai votar en contra xa que nin se explica que queren cambiar das bases nin en que contía.

O Alcalde di que polo tanto vai votar en contra de algo que perxudica aos parados do propio Concello.

O Alcalde reitera as verbas coas que comenzo o Pleno, de que se trata dun plan corruto, caciquil e clientelar, verbas tomadas do Deputado Provincial Socialista Manuel Martínez que así calificou ao plan veciñal da época Caharro onde había unas bases que se valoraban por técnicos, e que se repite o sucedido no ano 2011 onde en Paradelas catro das persoas seleccionadas formaron parte da candidatura do PSOE.

Dona Sonsoles López di que conste en acta, tal e como xa dixo en outros plenos que a estas persoas coñecenas con posterioridade á contratación, e non é a primeira vez que utiliza este argumento.

O Alcalde da os datos do percibido polo concello nos últimos tres anos a través dos plan de cooperación:

PROGRAMA COOPERACIÓN ANO 2011.

IMPORTE TOTAL: 96.171,75 €

- Cinco (5) peóns a xornada completa durante 6 meses.
- Dous/dúas (2) auxiliares de axuda no fogar a 75% da xornada durante 9 meses
- Dous/dúas (2) socorristas a xornada completa durante 3 meses.
- Un/ha (1) peón piscinas a xornada completa durante 3 meses.
- Un/ha (1) animador/a sociocultural a media xornada durante 12 meses
- Un/unha (1) arquivado/a a media xornada durante 12 meses.

PROGRAMA COOPERACIÓN ANO 2012.

IMPORTE TOTAL: 26.279,42 €

- (2) dous/dúas socorristas por un período de dous meses a xornada completa
- (1) un/unha auxiliar de axuda no fogar, por un período de seis meses o 75 % da xornada.
- (2) dous/dúas peóns, por un período de seis meses o 75 % da xornada.

PROGRAMA COOPERACIÓN ANO 2013.

IMPORTE TOTAL: 30.994,46 €

- (2) dous/dúas socorristas por un período de dous meses o 100% da xornada.
- (1) un/ha auxiliar de axuda no fogar por un periodo de cinco meses o 100% da xornada
- (2) dous/dúas peóns, por un período de seis meses o 100 % da xornada.

Procédese á votación da proposta, resultando aprobada pola maioría absoluta do número legal de membros, cos nove votos a favor do Grupo Municipal Popular e os dous votos en contra dos membros do Grupo Municipal Socialista, sendo once o seu número legal de membros.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 13/2013, BAIXO A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE PARTIDAS DE GASTOS DE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO.

Consta no expediente a seguinte proposta de Alcaldía

“Vista a execución do orzamento 2013, analizados os saldos dipoñibles nas distintas partidas orzamentarias dentro de cada área de gasto, observáse a necesidade de transferir crédito entre as distintas partidas das áreas de gasto, xa que nalgunhas existe un saldo disponible que excede do que se prevé que se vai a gastar, mentras que noutras partidas ese saldo considerase insuficiente para facer fronte aos gastos que se pretende executar no que resta do exercicio de 2013.

O que se propón e transferir créditos destinados a gastos correntes de bens e servizos dende a área de gasto 9 (actuacións de carácter xeral) a área de gasto 1 (servizos públicos básicos).

Tendo en conta o exposto, emítase informe pola Secretaria-Intervención sobre a seguinte proposta de transferencia de crédito:



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradela
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

Desta forma propónse realizar unha modificación do orzamento, baixo a modalidade de transferencia de crédito entre partidas de gastos de distintas áreas de gasto, por importe de 20.000,00 euros, co seguinte detalle:

Altas en Partidas de Gastos:

Partida		Descrición	Importe Euros
Funcional	Económica		
1	22	Servizos públicos básicos. Gastos correntes. Material, submínistras e outros.	20.000,00

Baixas en partida de gastos:

Partida		Descrición	Importe Euros
Funcional	Económica		
4	61	Actuación de carácter económico. Inversión reposición en infraestruturas e ben destinados ao uso xeral.	20.000,00

En base a normativa citada, e ao informe emitido pola Secretaría Intervención, esta Alcaldía eleva ao Pleno a seguinte Proposta:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 13/2013, terceiro de competencia de Pleno, e segundo baixo a modalidade de transferencia de crédito entre partidas de gastos de distintas áreas de gasto, de acordo co seguinte resumo:

Créditos a minorar:

Partida		Descrición	Importe Euros
Funcional	Económica		
4	61	Actuación de carácter económico. Inversión reposición en infraestruturas e ben destinados ao uso xeral.	20.000,00

Créditos a incrementar:

Partida		Descrición	Importe Euros
Funcional	Económica		
1	22	Servizos públicos básicos. Gastos correntes. Material, submínistras e outros. Persoal laboral.	20.000,00

SEGUNDO.- Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Paradela a 15 de novembro de 2013. O Alcalde-Presidente. Asdo.: José Manuel Mato Díaz”.

Non producíndose debate algún, a proposta resulta aprobada pola maioría absoluta cos votos a favor dos nove membros do Grupo Municipal do Partido Popular e a abstención dos dous membros do Grupo Municipal Socialista, sendo once o número legal de membros.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e cincuenta e tres minutos do vinte e un de novembro de dous mil trece, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.

Visto e praxe
O Alcalde



The stamp is circular and contains the text "Concello de Paradela" around the top edge, "Lugo" in the center, and "Alcaldía" at the bottom. It features a central coat of arms.

O Secretario-Interventor



The stamp is circular and contains the text "Concello de Paradela" around the top edge, "Lugo" in the center, and "Secretaría" at the bottom. It features a central coat of arms.